

O monstro arrodeado pola Historia

sobre *Home sen nome*, de Suso de Toro

Ao verdugo quédanlle dous días de vida deitado na cama dun hospital. A súa memoria é un regueiro de datas, nomes e vítimas. Figuran Torrente Ballester e Manuel Fraga, mais tamén Souto Vilas, Muñoz de Pablos ou o capitán Saavedra. Están Lois Tobío e Vicente Risco, e canda eles outro cento, de Vitor Muñoz a Juan Canalejo ou A Recachantra, ao chou. E é que o fascista que protagoniza a última novela de Suso de Toro está arrodeado pola Historia. En *Home sen nome*, confesa o autor, «todos os nomes propios que aparecen, vítimas e asasinados, son reais. Os personaxes principais, o Vello que non ten nome, Nano, Celia, o fillo do Vello, éses son invención da imaxinación. Iso si, lembremos que *inventio*, etimoloxicamente, é descubrimiento».

Home sen nome non é unha novela histórica, mais case. Ocúpase da Guerra Civil en Compostela «porque todo escritor o que fai é contarse a si mesmo», pero é o resultado dunha exhaustiva investigación. Primeiramente nas fontes documentais, coa axuda do historiador Emilio Grandío, mais logo tamén nos testemuños orais, «imprescindíbeis para acadar o aspecto vivencial e acceder a eses datos que precisa un autor de ficción». Con todo, é un proxecto literario. De feito, Suso de Toro recorda que o internamento nos feitos chegou a desvialo da meta inicial. «Se me deixaba guiar polas cousas que sabía», argumenta, «acabaría por pórme ao servizo da Historia, non da literatura. E eu non son escritor de novela histórica. Nin sequera escribo historias que teñan sucedido. Entendo que así,

inventando, son tamén máis útil socialmente».

O monstro, segundo o seu creador, inspírase nun heroe de guerra nazi que di ser o que é, non por un programa ideolóxico, senón porque adora os disturbios. O vello alanca polo camiño que Suso de Toro xa percorre en *Trece badaladas* ou *Non volvas*. É alguén que anda tras do mal, «que cabalga sobre a destrución buscando un cataclismo». Trátase dun arquetipo situado nunha época, a da Guerra Civil, «na que se manifestaron monstros apaixonantes, como Víctor Lis en Pontevedra». De feito, a novela está traspasada pola violencia, agora directa, crúa, e máis tarde encarnada no pensamento, aquí ideolóxica e alí gratuíta, miserábel, atávica. «Un dos meus obxectivos», resume, «era horrorizar, como o pretendía a traxedia ática».

Facendo pé na Historia, a novela permítese tamén algunha licenza. Lois Tobío, por caso, aparece na capital xermana un ano e medio despois de voltar a Compostela, e faino porque «aquele Berlín que tan ben describiu nas súas memorias era moi útil para retratar o discurso nihilista» do vello protagonista. Aí *Home sen nome* apártase da reconstrución obxectiva dos feitos, revélase como unha busca distinta. «Trátase dun exercicio intelectual, do coñecemento racional, mais tamén de comprensión poética», di o autor. «O todo da vida só se constrúe cos elementos que chamamos irracionais, os máis lexítimos para a literatura. Memoria e imaxinación están localizadas no cerebro no mesmo lugar. O escritor é un memoriador».

Compostela é, segundo Grandío, un caso pouco estudado polos historiadores. É máis doado, asegura, reconstruír a Guerra Civil en Ferrol ou na Coruña que na capital de Galicia. Porén, o autor porfiou en enfrontarse a este caso porque quería entender o mundo no que naceu, «desvelar todo o sinisidro que había detrás e que non vían os ollos dun neno». E bateu coa Igrexa e coa Universidade, dous poderes tradicionais moi ben retrata-

dos na novela e que conservan, logo do conflito, o control da cidade. Aínda así, queda traballo por facer para a literatura e tamén para a Historia. «Alguén tería que estudar o caso dramático dun decano que non sei ben se se suicidou ou foi asasinado. Un home acosado polos propios compañeiros», arrisca. A materia é inesgotábel.

A memoria non se fai agora do mesmo xeito que hai medio século. Este traballo de Suso de Toro, como *Os libros arden mal* de Manuel Rivas, supón a xuízo da profesora Dolores Vilavedra «un avance cualitativo para a literatura galega pola inclusión de personaxes recoñecíbeis como as *Marías* ou Fraga», algo que non ocorrera antes agás cos personaxes, moito menos coñecidos, d'*O lapis do carpinteiro*. E hai máis, porque *Home sen nome* persegue afastarse do maniqueo e «retratar a maldade como un fenómeno inherente á condición humana», continúa Vilavedra, nun intento por rachar o mito interesado dunha España enfrontada de seu e gañar os matices que a memoria, exercicio colectivo de reconstrución da identidade, tamén precisa.

